

## PERÍFRASES VERBAIS

Nas seguintes frases subliña as perífrases e complexos verbais. Indica o valor das perífrases:

- 1- Recolle esas pelos de laranxa que pode escorregar alguén e romper unha perna.
- 2- Se queres coller as mazás que están maduras debes agatuñar pola maceira.
- 3- Houbéronme asaltar hoxe no portal e iso porque debería estar sempre a porta pechada e non o estaba.
- 4- Queríalle regalar algo á nena. Ó mellor mércolle un gorro que lle ha de quedar ben.
- 5- Seguramente has ter que facelo de novo, pois ten moitos erros.
- 6- Hoxe heiche amañar a gaiola do canario.
- 7- Oímos dicir que tiñas que repetir as probas da tuberculose.
- 8- Tápate ben que te vas arrefriar.
- 9- Eva está arrolando o neno que hoxe non dá durmido.
- 10- Xa tiña oitenta anos e seguía sendo o mellor domador de leóns.
- 11- Chegou a pensar que o ían meter no cárcere.
- 12- Teño escrito moitas novelas pero ningunha tan mala como esta.
- 13- Maruxa está a facer uns calcetíns de la para o home.
- 14- Chamoume a atención que tivese acesa a lámpada ata tan tarde, así que petei na porta e como non me contestou, entrei. Acababa de se meter no leito.
- 15- Ti tamén terás visto un vagalume algunha vez ¿non?
- 16- Eses están a argallar a maneira de non traballar.
- 17- Pode asegurar que aquí non viviu ninguén dende hai anos.
- 18- Ten coidado con ese tío que non parece de fiar. Debes asegurarte de que non che propón un mal negocio.
- 19- ¿Pódeme garantir que non teño ningunha doenza?
- 20- Doíalle ter que renunciar a aquela viaxe.
- 21- Cando nos demos de conta que estaba afogando porque tragara unha espiña, levámolo correndo ó médico.
- 22- Non quixo desperdiciar a oportunidade de dicirlle o que pensaba del.
- 23- Nos dezaioito anos que levo dando clase nunca atopei un rapaz tan intelixente nin tan lacazán coma el. Debes falar cos pais para que o fagan estudar.

- 24- Puxéronse a facer burla do profesor cando lles mandou recoller o xiz que estaba tirado no chan.
- 25- Estaba para chegar á meta e gañar o premio cando o chamaron polos altofalantes. Súa nai tivera un accidente e estaba para morrer.
- 26- Ando mirando se encontro un carpinteiro que me vaia facer unhas portas.
- 27- ¿Que pensas facer cos cartos que che sobraron?
- 28- Consegurémola erguer da cama aínda que non queira.
- 29- Tiven que levalo ó circo porque non deixaba de chorar.
- 30- Mandou prender o empresario que non puido pagar impostos.
- 31- Seguía a ter por aquela muller os mesmos sentimentos que cando era novo.
- 32- Adicando cartos a investigación agraria poderían mellorar as colleitas de nabos.
- 33- Nunca conseguín falar con ela de nada serio.
- 34- Aldraxárono. Fixérono axeonllar diante dos demais compañeiros.
- 35- O boneco estaba pendurado no teito tal como o puxera meu pai cando era novo.
- 36- Dáte por vencido porque xa vexo que non o dás feito.
- 37- O único que fixo foi chamar ó seu amigo para seguir conversando do tema.
- 38- O feito de telo sabido xa por propia experiencia veleulle para saír con éxito do exame.
- 39- O teu pai deixou de ingresarnos os cartos. Estou por denunciálo. Tíñao feito xa se non fose polo disgusto que che había causar.